



Modelo

Programación de módulo de proxecto

Módulo: Proxecto do CS Laboratorio de Análise e Control de Calidade

Titora: M^a del Rosario Fernández Munín

Curso: 2018 - 19



Índice

1	Identificación da programación.....
1.1.	1.1. Centro educativo	3
1.2.	1.2. Ciclo formativo.....	3
1.3.	1.3. Profesorado responsable	3
2	Introdución e contextualización
3	Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo.....
4	Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación.
5	Relación de traballos a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado.....
6	Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado.....
7	Horarios previstos para as actividades de titoría, seguimento, canles de comunicación. Prazos de entrega do/s traballo/s para a súa supervisión. Formato de presentación da documentación e a exposición do informe final do traballo/proxecto.....
8	Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación. Procedemento de recuperación do módulo.....
9	Procedementos para avaliar a propia programación.....
10	Orientacións máis saliantables para comunicar ao alumnado.....



1 Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Ano académico
15015767	CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO	2018 - 2019

Ciclo formativo

Familia profesional	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUÍMICA	LABORATORIO DE ANÁLISE E CONTROL DE CALIDADE	SUPERIOR	ORDINARIO

Profesorado responsable

Docente titor/a:	M. ROSARIO FERNÁNDEZ MUNÍN
Profesorado:	EQUIPOS DOCENTES DE 2º CURSO .

2 Introducción e contextualización

O **Decreto 221/2008**, do 25 de setembro, establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Laboratorio de Análise e de Control de Calidade. O **Decreto 38/2010** introduce algunhas modificacións ao Decreto 221/2008.

O módulo de **Proxecto**, que se cursa no segundo ano, complementa a formación doutros módulos profesionais nas funcións de análise do contexto, deseño e organización da intervención, e planificación da súa avaliación. Polas súas propias características, a formación do módulo relaciónase con todos os obxectivos xerais do ciclo e con todas as competencias profesionais, persoais e sociais seguintes, bardante no relativo á posta en práctica de diversos aspectos da intervención deseñada.

Fomentarase e valorarase a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos procesos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Execución de traballos en equipo.
- Avaliación do traballo realizado.
- Autonomía e iniciativa.
- Uso das TIC



3 Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo

As competencias que se pretenden acadar neste módulo entroncan perfectamente co entorno produtivo da contorna de Santiago de Compostela debido a que:

- Existen un número importante de empresas do sector primario (lácteo, vitivinícola, piscícola, cárnico, acuícolas,...) no que o control de calidade no que se inclúen as análises químicas, microbiolóxicas, físicas, etc., se fan imprescindibles.
- Por outra banda, estamos nunha zona onde existen laboratorios de investigación punteiros directa ou indirectamente relacionados ca USC, no que demandan cada vez mais estes especialistas, con investigación en campos como a edafoloxía, medioambiente, o auga, o aires, os novos materiais para distintos sectores, agricultura, gandería, piscifactorías, enerxías renovables, o naval, a automoción, madeireiro,...
- Cabe destacar asemade, que a globalización da economía mundial, obriga a facer uns controis de calidade, que permitan dar confianza para exportar e importar os produtos, tanto materias primas como transformados, o que fai esta titulación imprescindible, para entrar de forma competitiva nos diferentes mercados.
- Por outra banda, subliñar que o feito de ser membros da Unión Europea, nos obriga a ter uns standards de calidade armonizados coa lexislación da UE, para todos os produtos e materias primas ou manufacturas que produzamos e consumamos aquí.

4 Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación.

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación
RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Clasifícanse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrezan. ▪ CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo, e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento. ▪ CA1.3. Identifícanse os produtos e os servizos máis demandados ás empresas do sector. ▪ CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector. ▪ CA1.5. Identifícase o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas. ▪ CA1.6. Determináronse as características específicas requeridas ao proxecto. ▪ CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación ▪ CA1.8. Identifícanse as axudas e as subvencións para 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. ▪ Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno.



	<p>a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto 	
<p>RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto. ▪ CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto. ▪ CA2.3. Identificouse o contido do proxecto, así como as súas fases e as súas partes. ▪ CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e comprobouse que sexan asumibles. ▪ CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto. ▪ CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente. ▪ CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto. ▪ CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño. ▪ CA2.9. Identificáronse os aspectos que é preciso controlar para garantir a calidade do proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. ▪ Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno.
<p>RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica. ▪ CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade. ▪ CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades. ▪ CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades. ▪ CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios. ▪ CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, así como os tempos de execución. ▪ CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica. ▪ CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. ▪ Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno



<p>RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións. ▪ CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación. ▪ CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro. ▪ CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro. ▪ CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto. ▪ CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos. ▪ CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. ▪ Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno
<p>RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto. ▪ CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector. ▪ CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño. ▪ CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto. ▪ CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto. ▪ CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto. ▪ CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo. ▪ CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora. ▪ CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición ▪ CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados das empresas do sector. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica a aplicar sobre o a exposición e defensa do proxecto.



5 Relación de traballos a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

Traballos a desenvolver polo alumnado	Coordinación e participación do profesorado
Deseñar unha idea para desenvolver nun Proxecto.	Dar as pautas para a elaboración do Proxecto
Buscar e recompilar a información.	Dirixir a elaboración do proxecto.
Elaborar a memoria do Proxecto.	Realizar o seguimento do proceso de elaboración.
Presentar e defender publicamente o Proxecto.	Avaliar a memoria do Proxecto.
	Avaliar a presentación e defensa do Proxecto.

6 Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

As actividades e tarefas son individuais e deben realizadas durante o desenvolvemento da FCT e presentalas nas reunións previstas co profesor – director do módulo.

Actividade	Tarefa
A 1. Busca de información e elaboración dun guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.	T1.1 Busca de información sobre empresas do sector considerando os produtos máis demandados e as oportunidades de negocio e escoller un proxecto para desenvolver. T1.2 Elaboración dun guión de traballo para seguir na realización do Proxecto.
A 2. Elaboración dun proxecto relacionado coa familia profesional.	T2.1 Elaboración dunha memoria do proxecto que entregará ao final da FCT para ser avaliada e que deberá cumprir os requisitos de formato e contidos que lle foron comunicados previamente.
A 3. Exposición e defensa do proxecto.	T 3.1 Preparación dunha presentación – resumo do proxecto realizado. T 3.2 Exposición e defensa do mesmo diante dos membros do equipo docente e dos compañeiros de curso.



7 Horarios previstos para as actividades de titoría, seguimento, canles de comunicación. Prazos de entrega do/s traballo/s para a súa supervisión. Formato de presentación da documentación e a exposición do informe final do traballo/proxecto.

HORARIOS E DATAS DE REUNIÓN

Na reunión de PRE-FCT, o titor e coordinador do módulo entrega unha **relación das reunións previstas** co alumnado no centro educativo, onde se indica que fase ou apartado do Proxecto se vai avaliar en cada unha das reunións presenciais.

DATA	HORA	LUGAR DE REUNIÓN	MOTIVO
Reunión 1		AULA 2º	INDICACIÓNS XERAIS
Reunión 2		AULA 2º	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
Reunión 3		AULA 2º	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
Reunión 4		AULA 2º	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
Reunión 4		AULA 2º	REVISIÓN XERAL
Reunión 5		AULA 2º	ENTREGA DE PROXECTOS
Reunión 6		AULA 2º	DEFENSA DOS PROXECTOS



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



FORMATO PARA PRESENTACIÓN DO PROXECTO

A memoria do proxecto terá unha portada que conterá o seguinte:

Nome do centro e titulación

CIFP POLITECNICO DE SANTIAGO

TECNICO SUPERIOR EN LABORATORIO DE ANÁLISE E CONTROL DE CALIDADE

Departamento:

QUÍMICA

Especialidade:

LABORATORIO E ANÁLISE E CONTROL DE CALIDADE

Título do proxecto

Nome d@ alumn@

Ano académico

O número máximo de folios non excederá de 91 páxinas, sen contar as achegas. Indícase tamén entre paréntese nos diferentes apartados unha orientación aproximada das páxinas.

A redacción do proxecto poderá ser realizada en galego ou en castelán.

O proxecto contará con índice de capítulos, seccións, achegas..., todo el, paxinado.

Para todo o documento, agás os planos, utilizarase papel branco UNE A4 (210x297). Os marxes estarán comprendidos entre un mínimo de 25mm e un máximo de 35 mm. Recomendase que o marxe esquerdo sexa o maior.

Cada apartado e subapartado irá simplemente numerado seguindo o sistema decimal, 1;1.1, 1.2, ... e en negraña.

Non é necesario sangrar o texto, respecto a numeración de capítulos e apartados.

O tipo de letra para o texto normal será **Arial**, de tamaño **11** ou **12**, **xustificado**. O interliñado será de **1,5**.

Todas as páxinas, agás a portada, deberán ir paxinadas na súa esquina inferior dereita, exemplo 5/90.

A maquetación do proxecto poderá ser en espiral ou encadernada (plan libro).



Programa de acción
en el ámbito del

CIFP Politécnico de Santiago
r/ Rosalía de Castro, 133, Santiago de Compostela
A Coruña – 15706. Tfno: 881867601, Fax: 881867638
cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cifppolitecnicosantiago>



Ao remate do proxecto e antes da exposición, farase entrega á titora dunha copia do mesmo, tanto en papel como en formato dixital.

Na memoria do proxecto deben aparecer todos os puntos, pero a presentación non ten que ter a rixidez de dita enumeración.

EXPOSICIÓN E DEFENSA DO PROXECTO

Antes do remate da FCT, comunicaráselle ao alumnado a data, hora e lugar concretos da exposición e defensa pública do Proxecto diante dos membros avaliadores do equipo docente e os compañeiros de curso. Asemade tamén se lles dirá, de ser o caso, que material deben traer.

Un mes antes e, durante unha das visitas ao centro educativo, a titora fará entrega a todos os alumnos dunha guía de “Pautas para a exposición”. A exposición, de forma xeral, terá as seguintes partes:

1) Introducción

- Presentación do proxecto
- Razoamento do proxecto escollido

2) Desenvolvemento

- Explicar con detalle o proxecto

3) Conclusión

- Innovacións, vantaxes que aporta o proxecto e as súas limitacións.

A exposición:

- realizarse mediante unha presentación do alumno que durará un máximo de 20 minutos;
- poderán utilizar un ordenador con proxector, proxector de transparencias ou opacos, internet, encerado ou maquetas.

Se o alumno necesitare calquera outro medio distinto dos anteriormente citados, terá que solicitalo por escrito ao titor cun prazo mínimo dun mes e se lle informará si o centro poderá dispor del. En caso negativo será o alumno quen terá que traelo se o considera importante.



8 Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación. Procedemento de recuperación do módulo.

PUNTOS MÍNIMOS EXISIBLES QUE DEBEN SER TRATADOS NO MÓDULO DE PROXECTO

(**MÁXIMO** DE 91 FOLIOS SEN CONTAR ACHEGAS).

1. **Índice**
2. **Ubicación do proxecto, sector produtivo ó que pertence. (2)**
 - Presentación e situación no sector.
 - Xustificación do proceso produtivo no mercado.
3. **Proxecto.**
 - Descrición.
 - Diagrama de fluxo do proxecto.
 - Recursos necesarios para levalo á cabo, tanto materiais como humanos.
 - Estimación dos orzamentos necesarios. Balance económico.
4. **Planificación.**
 - Fases da realización do proxecto.
 - Actividades na realización de cada fase do proxecto.
 - Documentación relacionada coas actividades a realizar.
5. **Control de calidade**
 - Normas de calidade aplicables ao proxecto.
 - Controis de calidade a realizar para asegurar o resultado.
6. **Seguridade no traballo.**
 - Valoración de posibles riscos durante a realización do proxecto.
 - Lexislación e normativa legal.
 - Fichas de seguridade.
 - EPIs



- Protocolos de seguridade que se deben seguir.
- Plan de emerxencias.

12. Protección ambiental.

- Procedementos para reducir verteduras.
- Refugallo de produtos químicos.
- Eliminación de verteduras cumprindo coa normativa.

13. Achegas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O módulo de proxecto avaliarase coas seguintes proporcións:

- **20% de reunións de seguimento.** Avaliación que realizará o director/a do proxecto en base ás notas individuais das diferentes reunións planificadas. Calcularase a nota da media aritmética das notas das reunións.
- **40% traballo da memoria.** A nota calcularase da media aritmética do equipo docente. Eliminaranse a nota superior e inferior se houberse unha diferenza de tres puntos entre elas.
- **40% exposición do proxecto.** A nota calcularase da media aritmética do equipo docente. Eliminaranse a nota superior e inferior se houberse unha diferenza de tres puntos entre elas.

Vanse utilizar utilizar as seguintes táboas e rúbricas:

CUALIFICACIÓN DAS REUNIÓN DE SEGUIMENTO					
ALUMNO	ASISTE ÁS REUNION PLANIFICADAS		REALIZACIÓN DA PARTE DO PROXECTO PLANIFICADO		NOTA
	SI	NON	SI	NON	



CUALIFICACIÓN DA MEMORIA DO MÓDULO DE PROXECTO

ALUMNO:

	BEN	REGULAR	MAL	PUNTUACIÓN
CONTIDO: DESENVOLVEMENTO	A memoria presenta un todos os apartados solicitados e estes están desenvolvidos nunha secuencia lóxica que facilita a súa lectura. 1 PUNTO	Faltan por tratar hasta tres apartados, ou ben estando todos o traballo non está desenvolvidado nunha secuencia lóxica dificultando a lectura do mesmo. 0,5 PUNTOS	Faltan máis de tres apartados e/ou os demais non seguen unha secuencia lóxica. 0 PUNTOS	
CONTIDO: CALIDADE DA INFORMACIÓN	A información que se da na memoria ten rigor científico, e a cantidade correspóndese ao que se espera en cada un dos apartados. 2 PUNTOS	En xeral, a memoria ten rigor científico, aínda que contén uns poucos erros pouco importantes e/ou omisión de conceptos importantes e hai apartados nos que a información non é suficiente. 1 PUNTO	A información subministrada no traballo, é escasa, irrelevante e non presenta rigor científico algún. 0 PUNTOS	
CONTIDO: CREATIVIDADE E INNOVACIÓN	O proxecto contén moitos detalles creativos que o apartan do que se fai habitualmente nos laboratorios de control da calidade e empresas relacionadas. 3 PUNTOS	O proxecto contén algún detalle creativo modificando lixeiramente o que se fai nos laboratorios de control de calidade e empresas relacionadas. 1,5 PUNTOS	O proxecto non contén detalles creativos nin é innovador. 0 PUNTOS	
CONTIDO: VIABILIDADE	O proxecto é totalmente viable na forma en que está planeado. 1 PUNTO	Existe algún punto no proxecto que non se planeou ben, facendo perigar a viabilidade do mesmo. 0,5 PUNTOS	O planeamento do proxecto é irreal, e polo tanto non é viable. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: INDICE	A memoria presenta un índice completo con números de páxina que facilitan a busca de información dentro da memoria. 0,5 PUNTOS	A memoria presenta un índice pero este non está completo ou non ten números de páxina, dificultando a busca de información. 0,25 PUNTOS	A memoria non ten índice. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: FORMATO	A memoria cumpre con todos os requisitos de formato solicitados. 0,5 PUNTOS	Algún dos requisitos de formato solicitados non foi atendido. 0,25 PUNTOS	A memoria non cumpre cos requisitos de formato solicitados. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: REDACCIÓN	O traballo está ben redactado, non contén faltas de ortografía e presenta un vocabulario preciso e adecuado. 1 PUNTO	Existen algunhas faltas de ortografía ou puntuación na memoria e/ou o vocabulario non é preciso e adecuado. 0,5 PUNTOS	A redacción non é boa, presenta numerosas faltas de ortografía e o vocabulario empregado non é adecuado. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: IMAXES E ESQUEMAS	A memoria presenta suficientes esquemas que engaden entendemento ao tema cando se precisa. 0,5 PUNTOS	Bótanse en falta diagramas e esquemas que axuden a entender algún dos apartados, ou ben os que hai non son axeitados. 0,25 PUNTOS	Os diagramas e esquemas que contén a memoria teñen unha función de recheo e non cumpren a función de axudar a entender o tema. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: BIBLIOGRAFÍA	Existe un apartado de bibliografía onde figuran todas as fontes empregadas no formato axeitado. 0,5 PUNTOS	Existe un apartado de bibliografía, pero faltan algunhas fontes ou ben o formato das mesmas non é adecuado. 0,25 PUNTOS	Non hai apartado de bibliografía. 0 PUNTOS	

NOTA





CUALIFICACIÓN DA PRESENTACIÓN E DEFENSA DO PROXECTO

ALUMNO:

	BEN	REGULAR	MAL	PUNTUACIÓN
SUSCITA E MANTÉN A ATENCIÓN?	A explicación é clara e concisa. 1 PUNTO	A explicación queda clara agás nalgúns puntos. 0,5 PUNTOS	Non, a explicación do contido non queda clara. 0 PUNTOS	
ADAPTASE AO TEMPO ESTABLECIDO?	Si 0,5 PUNTOS	Non (x pouco) 0,25 PUNTOS	Non (x moito) 0 PUNTOS	
PREPAROUSE CORRECTAMENTE?	Exprésase coas súas palabras a maior parte do tempo aínda que le algo 1 PUNTO	Le a maior parte e algo expresa coas súas palabras. 0,5 PUNTOS	Le sempre de follas, fichas e/ou presentación. 0 PUNTOS	
ESTÁ BEN ESTRUTURADA?	presentación → desenvolvemento → conclusión 1 PUNTO	Non hai conclusión. 0,5 PUNTOS	Non se axusta a ningún esquema. 0 PUNTOS	
AXÚSTASE AO TEMA TRATADO?	Si 0,5 PUNTOS	Divaga un pouco. 0,25 PUNTOS	Non ten nada que ver co tema 0 PUNTOS	
TEN RIGOR ACADÉMICO?	O contido é correcto 1 PUNTO	O contido é correcto na súa maior parte pero hai erros 0,25 PUNTOS	O contido non é correcto ou ten moitos erros 0 PUNTOS	
MATERIAIS DE APOIO: DESEÑO	O deseño é atractivo e hai pouco texto 1 PUNTO	Nalgunhas diapositivas hai moito texto 0,25 PUNTOS	O deseño non é atractivo porque en case todas as diapositivas hai moito texto 0 PUNTOS	
MATERIAIS DE APOIO: INTEGRACIÓN	Serven de apoio á explicación 1 PUNTO	Algúns non aportan nada. 0,5 PUNTOS	Non engaden nada á explicación 0 PUNTOS	
RESPOSTA ÁS CUESTIÓNS SUSCITADAS?	Si, sabe argumentar. 2 PUNTOS	Non é capaz de responder a algunhas preguntas. 1 PUNTO	Non sabe que responder a maioría das preguntas 0 PUNTOS	
CAPACIDADE DE SÍNTESE?	Si, a presentación reflicte o proxecto. 1 PUNTO	Hai algunha parte do proxecto que non figura. 0,5 PUNTOS	Non, unha parte importante do proxecto non aparece na exposición 0 PUNTOS	

NOTA



CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO DE PROXECTO				
ALUMNO	SEGUIMIENTO (20%)	MEMORIA (40%)	EXPOSICIÓN (40%)	NOTA FINAL

Non se fará a media, se algún dos apartados presenta unha nota inferior a 2 puntos, considerando o **módulo non superado**.

Non entregar o proxecto na data prevista ou non realizar a exposición e defensa do mesmo, salvo causa extraordinaria debidamente xustificada, será suficiente para **suspender o módulo**.

PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN DO MÓDULO.

- a) No caso de que algún alumno suspenda o módulo:
 - a. Por non presentar o proxecto no tempo e nas datas acordadas → deberá elaborar un proxecto que se axuste ós mínimos esixibles para a seguinte convocatoria de avaliación extraordinaria.
 - b. Por non cumprir os mínimos esixibles → deberá elaborar un novo proxecto que se axuste ó programado nos mínimos esixibles e presentalo na próxima convocatoria de avaliación extraordinaria.
 - c. Por non realizar a exposición e defensa do proxecto → deberá defender o proxecto na seguinte convocatoria de avaliación extraordinaria.
- b) Nos dous primeiros casos un membro do equipo docente asumirá a dirección do proxecto, actuando a titora de coordinadora.



9 Procedementos para avaliar a propia programación

- O seguimento da programación realizarase no soporte e coa periodicidade estipulados para este fin polo departamento de calidade.
- A práctica docente avaliarase conforme marque o departamento de calidade do centro (enquisas de satisfacción docente, etc.).

10 Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado

O alumnado entrégaselle, a mediados do segundo trimestre, un documento contendo a seguinte información:

- Puntos mínimos esixibles que deben ser tratados no Proxecto.
- Formato para a presentación da memoria.
- Criterios e instrumentos de avaliación.
- Calendario de reunións.
- Pautas para a exposición e defensa do Proxecto.

Ao mesmo tempo comunicáraselle a cada alumno que profesor vai exercer de director do seu proxecto.